



UNIDADE 2

Eu son así

Escriba no encerado as seguintes frases: **É morena. Ten os ollos negros. Leva o pelo longo.** Pídalles aos seus estudantes que se fixen na foto da portada da unidade e que, en parellas, decidan cal das tres frases é verdadeira (a última). Se é preciso, pódelles suxerir que empreguen o dicionario para que entendan o título da unidade. Logo, pregúntelles se pensan que esa frase se pode empregar para falar do físico ou tamén do carácter. Acepte as dúas opcións, pero aclare que esa expresión se usa principalmente para falar dalgún trazo ou peculiaridade do carácter dunha persoa.

A continuación, presente brevemente os obxectivos da unidade e a tarefa final: presentar os compañeiros e compañeiros da clase.



1. IRMÁNS

Adiviñar que personaxe escolleu o compañeiro ou compañeira.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade, os seus estudantes familiarizaranse co vocabulario básico necesario para describir fisicamente unha persoa. Interésese polos coñecementos previos que poidan ter sobre o tema e amplíeos con nova información.

ANTES DE EMPEZAR

Para que os seus estudantes poidan familiarizarse co novo vocabulario, preséntelles os irmáns Portela e pídalles que centren a súa atención no primeiro, Ramón. Lea a descrición de Ramón deténdose no significado de cada frase.

A continuación, pídalles aos seus estudantes que lean atentamente as descrições dos outros. Déalles un par de minutos para facelo e despois, en parellas, pídalles que contesten estas preguntas:

1. **Que é o contrario de levar o pelo curto?**
2. **Que é o contrario de ter o pelo liso?**
3. **De que cor pode ser o pelo dunha persoa?**
4. **Que leva unha persoa que ten pelo na cara?**

Solución

1. *Levar o pelo longo*
2. *Ter o pelo rizado*
3. *Pode ser louro, castaño, moreno e roxo*
4. *Leva barba, bigote ou perilla*

PROCEDEMENTOS

Divida os seus alumnos e alumnas en parellas e explíquelles a mecánica da actividade: un estudante pensa nun dos irmáns Portela e o compañeiro faille preguntas para adiviñar de quen se trata. Dígalles que para iso poden facerlle preguntas como as do exemplo: **é louro? leva lentes?** Despois cambian os papeis.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, pode propoñerlles un xogo. Fotocopie e recorte as tarxetas que aparecen na **ficha 1** e entrégueas a cada parella. Pídalles que as poñan todas boca abaixo, as fotos á esquerda e as descrições á dereita. Por quendas, un compoñente de cada parella levanta unha tarxeta de cada grupo. Se consegue formar unha parella, queda coas tarxetas; se non, vólveas deixar no mesmo sitio, tratando de recordar onde están por se as necesita cando lle volva tocar. Ao final, gaña o estudante que máis parellas formou.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 107, exercicio 2.

2. PRESENTACIÓNS

Relacionar fotos con textos. Falar da impresión que lles provocan tres persoas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, no punto C, os seus estudantes van ter que falar das impresións que teñen de tres rapazas despois de ler uns textos e de escoitalas. De ser necesario, cando chegue o momento aclare que se emprega o verbo **parecer** para, precisamente, referirse á impresión que nos provoca algo ou alguén. Cando coñecemos as características de algo ou de alguén, empregamos o verbo **ser**.

ANTES DE EMPEZAR

Anúncielles aos seus estudantes que na actividade van coñecer como son tres rapazas que falan sobre si mesmas. Dígalles que as rapazas dan esa información para intentar conseguir un traballo. Pregúntelles para que tipo de traballo pode ser necesario ese tipo de información. Anímeos a comentar se están de acordo coas respostas dos seus compañeiros e compañeiras.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus estudantes que se fixen nas tres fotos que aparecen na actividade. Infórmeos de que as tres rapazas son candidatas para ser presentadoras do programa *Galegos no planeta* e de que cada unha escribiu un breve texto para presentarse. O primeiro que teñen que facer os seus alumnos e alumnas é relacionar cada fotografía co texto correspondente.

Solución

1. *B*
2. *A*
3. *C*

B. A continuación, dígalles aos seus alumnos e alumnas que van escoitar a Carme, Olaia e Laura falando un pouco máis delas mesmas. Teñen que escribir no cadro o nome da rapaza que fala en cada caso.

Solución

1. *Laura*
2. *Carme*
3. *Olaia*

C. Dígalles aos seus estudantes que, por último, van comentar como cren que son as tres rapazas falando da impresión que lles provocou cada unha. Primeiro teñen que completar o cadro e, logo, comparar o que marcaron co que marcou un compañeiro ou compañeira. Despois de que comenten as súas opcións en parellas, e se lle parece oportuno, pode pedirles que fagan un reconto do que marcaron todos, para ver se a clase coincide nas súas impresións sobre as tres rapazas.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicio 6.



3. OS MEUS AMIGOS

Identificar as persoas dunha foto segundo a descrición subministrada nun correo electrónico.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade proporciónaselle ao estudante a oportunidade de observar e de reparar nalgúns recursos para identificar as persoas a partir da descrición dalgún aspecto físico:

o/a/os/as + adxectivo

o/a/os/as + **de** + substantivo

o/a/os/as + **que** + verbo

É importante que faga referencia ás concordancias de xénero e de número en cada caso.

ANTES DE EMPEZAR

Pídalles aos seus estudantes que miren a foto do libro e preguntélles que relación pensan que existe entre esas persoas. As posibilidades poden ser diversas, acepte todas as que propoñan os seus estudantes e anímeos a facer referencia a en que situacións acostuman a facer fotografías deste tipo.

PROCEDEMENTOS

A. Presente a Mar, unha rapaza galega que está a pasar unha tempada en Arxentina e ensínelles o correo electrónico que Mar lle escribiu á súa irmá, Pili. Pídalles que lean o texto e que traten de identificar a cada persoa na foto. Dígalles que Mar é a segunda pola dereita.

Solución

De esquerda a dereita: Leila, Sandra, Diego, Mar e Abigail

B. Pídalles agora aos seus estudantes que se fixen nas estruturas que aparecen neste punto e pídalles que busquen exemplos onde aparecen no correo electrónico de Mar.

Solución

A morena

A que leva lentes

O que está entre Sandra e mais eu

A de coleta

E DESPOIS

Anime os seus estudantes a xogar coa foto. Vostede di o nome dun dos amigos de Mar e cada estudante, en cadea, debe dicir unha frase que o describa empregando algunha das estruturas anteriores. Deben estar atentos para non repetir información.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 107, exercicio 1.

4. TEMPO LIBRE

Reflexionar sobre o funcionamento dos verbos gustar, interesar e encantar.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O obxectivo desta actividade é que o seu alumnado poida deducir o funcionamento dos verbos **gustar**, **interesar** e **encantar**. Para iso, proporciónaselles un contexto concreto de uso deses verbos: unha enquisa sobre gustos musicais.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado a palabra **enquisa** e preguntélles aos seus estudantes se coñecen o seu significado. Se fose necesario, aclare que se refire a un conxunto de preguntas que se fan para coñecer a opinión da xente sobre algún tema.

Asegúrese tamén de que coñecen o significado da palabra **coincidir**.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos e alumnas que as persoas das fotos contestaron unha enquisa sobre os seus gustos musicais para a revista *Aula de música*. Pídalles que a lean e que marquen aquelas respostas coas que coincidan. Dealles uns minutos para realizar a actividade e, a continuación, poña en común algunhas das conclusións, formulando preguntas como: **a quen de vós lle gusta a música folk?, quen escoita música no traballo?, a alguén lle gusta o jazz?, a quen lle gusta o pop independente?**

B. Pídalles aos seus alumnos e alumnas que encerren nun círculo todas as frases do punto anterior nas que aparezcan os verbos **gustar**, **interesar** e **encantar**. Dealles un par de minutos e, a continuación, pídalles que lean as frases en voz alta. Escribaas no encerado e subliñe os verbos para que os seus estudantes vexan que aparecen unicamente dúas persoas: **gusta/n**, **interesa/n**, **encanta/n**. Pídalles que, en parellas, comenten se entenden porque se usa unha forma ou outra. Logo, coménteo con toda a clase. Asegúrese de que entenden que a forma do verbo, singular ou plural, depende de se o que segue ao verbo, aquilo que provoca gusto ou interese, é singular, plural ou un infinitivo.

C. Ensínelles agora o cadro que aparece neste punto e pídalles que, a partir dos exemplos dos textos, o completen cos pronomes que faltan. Se o considera conveniente, chame a atención dos seus estudantes sobre a posición dos pronomes. Recorde o dito na páxina de gramática da unidade 1 e anímeos a sinalar nos textos do punto A (con recursos diferentes) os casos nos que o pronome aparece antes ou despois do verbo, así como as palabras que provocan a anteposición.

E DESPOIS

Se lle parece necesario, propoña a seguinte actividade para comprobar que o funcionamento dos verbos **gustar**, **interesar** e **encantar** quedou claro.

Entréguelle a cada estudante unha fotocopia do cadro que aparece na **ficha 2**. A continuación, ánimoos a que se pregunten entre eles se lles gustan as cousas suxeridas no cadro. Deben poñer o nome do compañeiro ou compañeira na casa correspondente segundo a súa resposta. Escriba no encerado un exemplo da interacción que espera do seu alumnado:

- Gústache o jazz?
- Si. E a ti?
- A min encántame.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicios 3, 4 e 7.

5. A FAMILIA DE SOCORRO

Completar unha árbore xenealóxica co vocabulario das relacións de parentesco.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Co esquema da familia de Manolo e Lucía como referencia, os seus alumnos e alumnas poderán deducir o significado do vocabulario que aparece nas frases escritas debaixo da árbore. Anímoos a facer a actividade sen usar o dicionario.

ANTES DE EMPEZAR

Ensínelles aos seus alumnos e alumnas a árbore xenealóxica e dígalles que se trata da familia de Manolo e de Lucía. Faga referencia a algunhas das relacións de parentesco que están escritas no esquema, sinalando en cada caso as persoas implicadas: **Lucía é a muller de Manolo, Manolo é o avó de Daniel, Lucía é a nai de Alberto...**

Déalles tempo aos seus estudantes para que empreguen as súas estratexias e para que consigan deducir o significado das palabras **marido, avoa, filla, neto, irmá e pai**, coa axuda do esquema.

PROCEDEMENTOS

Móstralles aos seus estudantes as frases que aparecen debaixo do esquema e pídalles que as lean individualmente, para completar os espazos en branco da árbore xenealóxica.

Despois da posta en común, explique o funcionamento do masculino no plural de, por exemplo, **tres irmás + un irmán = catro irmáns**, así como no caso de **pais (pai + nai)** ou **avós (avó + avó)**. Consulte despois o cadro de relacións de parentesco que aparecen na páxina de gramática e faga as aclaracións necesarias.

E DESPOIS

Pode ampliar este tipo de vocabulario copiando o seguinte esquema no encerado para que os seus alumnos o completen por escrito ou oralmente. Advírtalles que necesitarán dúas palabras novas que indican relación de parentesco: **primo/a e sobriño/a**.

Daniel é o de Clara, o
de Alberto, o de Manolo e o
..... de Marta.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicios 3, 4 e 7.



practicar e comunicar

6. BUSCAR PARELLA

Redactar o anuncio da persoa ideal para alguén que busca parella nunha páxina web.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os seus estudantes terán que ler dous anuncios da sección de "Contactos" dunha páxina web, escoller un e escribir o anuncio de alguén que poida ser a súa media laranxa. Empregue os anuncios achegados no libro como modelo.

Chame a atención dos seus estudantes sobre como se estrutura a información e que aspectos se mencionan: idade, descrición física, profesión, afeccións, descrición da personalidade e descrición do que se busca.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado a expresión **a túa media laranxa** e pregúntelles aos seus alumnos e alumnas para que se usa a dita frase. Se ninguén o soubese, explíqueo vostede e, logo, pregúntelles se na súa lingua existen expresións semellantes para referirse a esa persoa ideal.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles a páxina electrónica de contactos e pídalles que lean os anuncios de Tareixa e Noa. Pregunte: **cal das dúas pensades que busca unha relación máis sería?**

A continuación, pídalles aos seus estudantes que formen parellas e que escollan un dos textos (o de Tareixa ou o de Noa). En función do que se pida, entre os dous teñen que redactar o anuncio que escribiría a súa persoa ideal.

Se lle parece oportuno, pode aproveitar este contexto para facer referencia á epígrafe "Relacións de parella" da páxina de gramática.

B. Cando os seus estudantes teñan rematados os seus textos, pídalles que os lean en voz alta. O resto dos compañeiros e compañeiras teñen que escoitar atentamente para decidir se se trata do candidato ideal para Tareixa ou para Noa.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, pódelles pedir aos seus estudantes que digan se teñen máis cousas en común con Tareixa ou con Noa e que expliquen o motivo.

7. A NAI DA MIÑA NAI

Xogar a adiviñar relacións de parentesco.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade proporciona unha práctica do vocabulario de parentesco. Antes de comezar, conviría que presentase os posesivos coa axuda das epígrafes “Os posesivos” e “Falar das relacións”, da páxina de gramática.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus estudantes que escriban cinco frases sobre a súa familia empregando vocabulario de parentesco, tal e como indica o título da actividade e o exemplo do libro.

Divida o seu alumnado en parellas e pídalles que, por quendas, vaian lendo as frases que escribiron. O compañeiro ou compañeira ten que deducir a relación de parentesco da que fala a frase.

E DESPOIS

Pode seguir practicando este vocabulario específico do seguinte modo: divida o grupo en parellas e faga que cada un explique a súa árbore xenealóxica, mentres o outro a debuxa. Despois, han de comprobar se acertaron e intercambiar os papeis. Dea vostede o modelo de lingua explicando a súa propia árbore xenealóxica, mentres a debuxa no encerado.

8. É UN HOME DUNS 55 ANOS

Describir unha personaxe famosa.

ANTES DE EMPEZAR

Se fose necesario, comente a diferenza entre **ten 55 anos** (idade exacta) e **ten uns 55 anos** (facemos unha aproximación sobre a idade de alguén).

PROCEDEMENTOS

Pídalles aos seus estudantes que pensen nunha personaxe famosa (deben estar bastante seguros de que todos os compañeiros ou compañeiras a coñecen) ou nun compañeiro da clase e que escriban unha descrición como a da mostra da lingua. Despois duns minutos, faga unha posta en común en parellas ou, se o prefire, con toda a clase.

9. EU QUERO COÑOCER O PRIMO DE UXÍA

Presentar e describir unha persoa (familiar, amigo/a...).

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta tarefa final, cada estudante preparará unha descrición de alguén a quen coñece e de quen lle gustaría

recibir unha visita. Debe conseguir que a clase vote por esa persoa, polo que teñen que facer unha descrición o máis completa e atractiva posible. Ademais, o resto da clase pode formular preguntas para obter máis información e poder decidir por quen votar.

Trátase dunha tarefa pautada en tres fases distintas e que integra diversas destrezas de comprensión, expresión e interacción.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos e alumnas que van ter a posibilidade de invitar á clase un amigo ou unha amiga, un familiar ou outra persoa que coñezan. Móstrelles a ficha que aparece no libro e pídalles que a completen coa descrición da persoa que elixiron.

Vaia supervisando o traballo individual dos estudantes para, de ser necesario, axudarlles.

B. Pídalles agora que lle describan a persoa elixida ao resto da clase, empregando a ficha como guión. Déalles tempo para que preparen a súa presentación e aclare que, mentres un compañeiro ou compañeira fai a súa presentación, o resto ten que tomar notas para poder escoller ao final a persoa que máis lles interesou.

Se hai algo que non entenden ou se queren saber algunha cousa máis sobre a persoa presentada, ánimoos a intervir formulando as preguntas necesarias.

C. Explíquelles aos seus alumnos e alumnas que teñen que escoller unha das persoas de todas as presentadas e xustificar a súa elección. Pode ensinalles o modelo de lingua do libro. Déalles uns minutos para que preparen a súa exposición.

Para saber quen é a persoa que espertou un interese maior, pregunte: **quen é a persoa que queren coñecer máis compañeiros e compañeiras?**



10. MODELOS DE FAMILIA

Opinar sobre algúns modelos de familias galegas. Relacionar titulares de prensa con estes modelos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta é unha actividade de contido cultural a partir da cal se pretende xerar unha interacción oral na aula.

PROCEDEMENTOS

A. Móstrelles as fotos da actividade aos seus estudantes. Pídalles que lean a información que aparece con cada unha e que escollan a familia que lles pareza máis tipicamente galega e tamén a menos típica. Déalles uns minutos e, despois, faga unha posta en común. Procure que partici-

pen todos os alumnos e que xustifiquen as súas eleccións. Interésese tamén por saber como son as familias das persoas que eles coñecen en Galicia.

B. A continuación, anime os seus estudantes a falar sobre os modelos de familia que existen nos seus países ou nas súas comunidades, no caso de que non sexan galegos.

C. Agora, pídalles que lean os titulares de prensa proporcionados e que relacionen cada un deles coas persoas da reportaxe do punto A. É probable que os seus alumnos non saiban a que se refire IBI, aclare que se trata do imposto sobre bens inmobles.

Déalles uns minutos para resolver a actividade e, logo, faga unha posta en común. Comenten se hai datos que os sorprenderon.

Solución

(suxestións)

A. 3

C. 1

E. 4

G. 1, 5, 6

I. 2

B. 3

D. 3

F. 5

H. 5